

# Pasamos á acción!

Guía de participación

## Táboa de contidos

<b>Obxectivos</b> .....	<b>3</b>
<b>Contidos</b> .....	<b>3</b>
<b>Caixa de ferramentas para a acción</b> .....	<b>4</b>
Cando o cambio está nas nosas mans .....	4
Cando precisamos sumar a máis persoas.....	7
Cando topamos cos grandes poderes.....	7
<b>Concentramos as nosas enerxías</b> .....	<b>9</b>
Selección.....	9
<b>Aprendemos da nosa propia práctica</b> .....	<b>11</b>
Campo de forzas .....	11
Celebrar os éxitos .....	12

A presente guía forma parte do proceso formativo impulsado por Solidariedade Internacional de Galicia no marco do Proxecto Horizonte 2030; construíndo liderados positivos para unha xuventude galega transformadora, financiado por Cooperación Galega da Xunta de Galicia.

Cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible como marco político internacional de referencia na loita contra a pobreza e a desigualdade, este proxecto quere promover novos xeitos de afrontar problemas e facilitar solucións que requiran de accións colectivas a través de liderados que integren os atributos dunha verdadeira cidadanía global, dende un enfoque feminista, intercultural, ecoloxista e con especial atención á xuventude.

Esta iniciativa vai dirixida a toda a equipa humana de Solidariedade Internacional de Galicia de cara á construción dunha entidade máis participada e democrática, e a profesorado galego de ensino secundario coma representación dun espazo chave para

comezar a experimentar e exercer, dende as etapas máis temperás, a participación social.

O primeiro paso no proxecto para a construción de liderados xuvenís positivos e transformadores é a capacitación en participación. A cultura participativa susténtase en prácticas e en metodoloxías que debemos experimentar e aprender, para afondar na democracia e acrecentar a capacidade de resposta dunha sociedade diante dos múltiples retos cos que se enfrenta.

Presentamos un programa formativo baseado na aprendizaxe pola práctica e dirixido a fortalecer a cultura da participación.

O programa céntrase na adquisición de competencias e habilidades para participar e para facilitar a participación, tanto dentro das organizacións como cara procesos abertos de participación social.

O programa ten un carácter modular e dirixese ao profesorado dos centros de ensino, no nivel de secundaria, ao voluntariado e aos socios e socias de Solidariedade Internacional.

Ademais dos talleres de formación presencial, inclúe a documentación de todo o proceso e a posta a disposición de materiais didácticos, para amplificar o seu impacto.

## Obxectivos

O obxectivo desta guía é afondar na cultura participativa, a través da mellora das capacidades para a organización democrática e a dinamización de procesos de participación social.

Para fortalecer a cultura participativa é necesario coñecer os procesos e as metodoloxías de participación, familiarizarse con elas e poñelas en práctica.

Polo tanto, a guía quere facilitar a aprendizaxe destes procesos e das metodoloxías para levalos a cabo en diferentes ámbitos, distinguindo principalmente o ámbito dunha organización (como pode ser Solidariedade Internacional) e o ámbito dos procesos de participación social abertos.

Esta sexta guía céntrase en como pasar á acción, para acadar obxectivos de transformación social mobilizando a persoas e axentes próximos. Vai dirixida ao alumnado de secundaria.

## Contidos

### Caixa de ferramentas para a acción

Coñecemos diferentes ferramentas para alcanzar as nosas metas de transformación.

### Concentramos as nosas enerxías

Decidimos en común que accións imos emprender, porque non se pode facer todo e é preciso concentrar as nosas enerxías naquilo que estea na nosa man e que teña un impacto significativo.

### Aprendemos da nosa propia práctica

Técnicas para avaliar o impacto das nosas accións e propoñer posibles melloras cara as accións futuras.

# Caixa de ferramentas para a acción

Nunha fase anterior de traballo analizamos a realidade e proxectamos outros futuros posibles. Agora trátase de pasar á acción para transformar esa realidade e achegarnos o máis posible a ese futuro desexado.

O primeiro paso será coñecer algúns exemplos de estratexias e ferramentas usadas por diferentes organizacións e movementos sociais como exercicio de cidadanía activa e responsable.

## Cando o cambio está nas nosas mans

Existen multitude de ámbitos nos que a propia cidadanía, as comunidades, as persoas, as asociacións... por nós mesmas temos un poder de cambio importante. Ante unha necesidade non atendida, moitas veces cabe a posibilidade de organizarse en común para atendela.

Por iso, as primeiras estratexias e tácticas que presentamos son as baseadas na propia organización da cidadanía para resolver por si mesma os problemas comúns ou para dar unha resposta máis xusta a unha situación que se considera que debe cambiar.

## Economía social e do ben común

A economía é a xestión de recursos para satisfacer necesidades. A economía social é aquela que pon no centro ás persoas e as súas necesidades (por enriba dos beneficios monetarios) e que se organiza conforme a uns valores como a democracia, a equidade, a axuda mutua, o coidado do medio e da comunidade, etc. Velaquí algúns exemplos:

### **Centro especial de emprego**

**de ASPROMOR.** Familias de persoas con capacidades intelectuais diferentes teñen en común necesidades, como por exemplo a necesidade de ter un emprego para estas persoas. En Ortigueira, en vez de buscar solucións cada quen pola súa conta, crean en común un centro especial de emprego no que traballan as persoas con capacidades diferentes. Neste centro reparan caixas de plástico para as lonxas e mercados e fabrican fregonas. As familias organizáronse por si mesmas, buscaron apoios e colaboracións e conseguiron xerar emprego digno que resolve as súas necesidades.

<http://aspromor.org/videos/>



### **Tendas de comercio xusto Solidariedade Internacional.**

Na Coruña, en Ourense e en Pontevedra, a ONGD Solidariedade Internacional Galicia ten tendas de comercio xusto. Nestas tendas pódense mercar diferentes produtos nos que se dá unha relación comercial xusta entre produtores e consumidores. O comercio xusto tamén forma parte da economía social e defende os seguintes principios:

- ✓ As produtoras e produtores forman parte de cooperativas ou organizacións e funcionan de xeito democrático.
- ✓ Rexeitan á explotación infantil.
- ✓ Existe igualdade entre homes e mulleres.
- ✓ Trabállase con dignidade respectando os dereitos humanos.
- ✓ O prezo que se paga a quen produce permite condicións de vida dignas.
- ✓ Os compradores e compradoras xeralmente pagan por adiantado.
- ✓ Valórase a calidade e a produción ecolóxica.
- ✓ Respéctase o medio ambiente.
- ✓ Búscase o xeito de evitar intermediarios entre quen produce e quen consume.
- ✓ Dáse información clara acerca da orixe do produto.

Con todo isto, inténtase evitar as grandes diferenzas entre o prezo que pagan por un produto as persoas do primeiro mundo e o diñeiro que se lles paga a quen o produce no Terceiro Mundo, ademais de evitar a explotación dos traballadores e traballadoras. Tamén se busca alertar sobre as repercusións de consumir valorando só o prezo mais barato:

- ✓ A calidade e duración dos produtos é cada vez peor.
- ✓ Explótase a quen produce.
- ✓ Dánase o medio ambiente.

<http://www.solidaridadgalicia.org/comercio-xusto/>

**Mulleres colleiteiras.** É unha cooperativa situada en Oleiros, a través da cal un grupo de mulleres conseguiu ter un traballo digno, e que realiza unha actividade moi beneficiosa para o medio ambiente: a recollida, almacenamento, valorización e reutilización do aceite doméstico usado, ofrecendo unha proposta eficaz ao problema dos verquidos de aceite nas cociñas e ao aproveitamento dun recurso..

<http://mullerescolleiteiras.blogspot.com/p/proxecto.html>



## Cambio de hábitos

En moitas ocasións, a clave para resolver problemas está nos nosos hábitos. Se nos propoñemos cambiar eses hábitos e favorecer que tamén os cambien as persoas que temos ao redor, estaremos cambiando o mundo.

3R: Reducir, reutilizar e reciclar

O impacto que teñen as nosas pautas de consumo na ecoloxía é moi relevante.

Se reducimos o consumo de materiais e enerxía, reutilizamos os recursos existentes e reciclamos o que xa non serve, o noso medio albergará máis diversidade e equilibrio ecolóxico.

Podemos propoñernos un cambio de hábitos neste sentido:

- ✓ Consumindo ou agasallando menos cousas materiais. Por exemplo, por que non agasallar unha entrada para o teatro en vez doutro bolso?
- ✓ Gastando menos enerxía: apagando as luces que non precisamos, camiñando ou indo en bicicleta, en vez de usar o coche.
- ✓ Usando habitualmente os contedores para reciclar papel, envases, pilas, aceites... e os puntos limpos para aparatos eléctricos, mobles, etc.

## Consumo consciente

Outro hábito que podemos cambiar, en relación ao noso consumo, é o de fixarnos en que hai detrás dos produtos e servizos que consumimos. Debemos rexeitar aqueles nos que haxa condicións laborais indignas, relacións inxustas entre o primeiro e o terceiro mundo, impacto ambiental, etc. Primaremos o comercio xusto, a produción ecolóxica, a economía social, o pequeno comercio local, os produtos de proximidade (que non haxa que transportar moitos quilómetros, gastando enerxía)...

Relacionándonos de forma positiva coas outras persoas e a comunidade

No noso día a día podemos tratar de cambiar, para ter actitudes como as seguintes:

- ✓ En vez de competir ou pretender ter máis ou ser máis que os demais, podemos buscar a forma de cooperar e axudarnos mutuamente.
- ✓ En vez de atender a prexuízos que nos fagan discriminar ás outras persoas, tratar de incluír e coñecer a todo o mundo, apreciando a riqueza da diversidade.
- ✓ Buscando formas positivas e non violentas de resolver os conflitos.
- ✓ Sendo solidarias e solidarios.

## Voluntariado

Outra posibilidade para cambiar o mundo é coñecer o que xa están a facer diferentes organización e sumarse ofrecendo o noso tempo de forma voluntaria para levar adiante iniciativas coas que nos identifiquemos e que non serían posibles sen o compromiso da cidadanía.

Implicarse nunha asociación

Unha forma de botar unha man co noso tempo é implicarse no funcionamento dunha asociación ou organización: participando nas reunións, organizando actividades, asumindo algún cargo na xunta directiva, propoñendo iniciativas...

Tamén podes xuntarte con outras persoas e formar a vosa propia asociación, se ves que os vosos intereses e as necesidades que vos importan non están ben recollidas no tecido asociativo que xa hai.

Facer colaboracións puntuais

Poida que non podamos implicarnos de forma continuada nunha organización. Aínda así, podemos colaborar en tarefas puntuais como limpar unha praia, acompañar a unha persoa maior, dar unhas horas de formación, axudar na montaxe dunha festa, etc. Moitas organizacións xestionan bolsas de voluntariado as que podemos apuntarnos para que nos conviden a este tipo de colaboracións puntuais.

## Cando precisamos sumar a máis persoas

Máis alá da nosa capacidade propia de organizarnos e dar resposta aos problemas identificados, son moitas as ocasións nas que necesitamos sumar a máis persoas para alcanzar resultados que merezan a pena.

### Redes de colaboración

Diante de calquera tema que nos preocupe, o máis probable é que non esteamos soas nin sós. Por iso é importante mirar ao redor e tratar de coñecer se hai organizacións ou grupos de persoas que compartan con nós esa preocupación. Contactar con elas e tratar de sumar forzas para levar adiante os nosos propósitos con máis forza.

Existen moitos exemplos de redes de colaboración nas que diferentes entidades se unen cun obxectivo común, como a Coordinadora Galega de ONGDs.

<https://galiciasolidaria.org>

### Campañas de sensibilización e activismo

As campañas para sensibilizar á sociedade sobre un problema son un tipo de acción moi común entre as ONGs. Trátase de chamar a atención sobre un problema e convidar á sociedade a que participe e se implique na súa solución.



Banksy é un artista gráfico que denuncia inxustizas e move a reflexión desde os seus murais e intervencións.



Intervir no espazo público, con mensaxes sinxelas, pero que fagan reflexionar, é unha das estratexias do activismo.



Tamén é importante chamar a atención e provocar unha resposta activa



O teatro foro permite reflexionar sobre unha situación, tratando de representala e probar diferentes formas de cambiala. No seguinte vídeo traballan o problema da violencia de xénero: [https://www.youtube.com/watch?v=V5TcY3\\_qMoc](https://www.youtube.com/watch?v=V5TcY3_qMoc)

As formas máis tradicionais son charlas, cursos, xornadas, exposicións, carteis, mesas informativas, publicacións...

O activismo é empregar a arte para sensibilizar, despertar a conciencia crítica e transformar a sociedade. A través do activismo ábrese o campo de posibilidades para chegar á sociedade. Mostramos algúns exemplos: algunhas son intervencións pequenas, outras fan moito ruído, pero todas conseguen algo: espertar as inquietudes entre a cidadanía.

### Campañas en internet

Internet pode permitírnos conectar coas persoas a quen queremos interpelar e comunicarnos con elas.

Nos sitios web podemos colgar informes e novas que axuden a difundir o noso traballo e os temas cos que queremos chegar. Nos blogs podemos elaborar novas e nas redes sociais podemos mandar mensaxes máis curtas, fotografías e pequenos vídeos que chamen a atención.

Tamén podemos usar aplicacións para lanzar unha campaña de apoios a través de change.org. Servirá ao mesmo tempo para dar a coñecer unha situación e unha proposta e para recibir apoios.

## **Cando topamos cos grandes poderes**

Que pasa cando algún dos obstáculos está fóra do noso alcance? Cando depende de gobernos ou de grandes institucións ás que non temos acceso directo? Neses casos podemos tratar de influír nas súas decisións: facendo que escoiten a nosa voz, negociando propostas e instando de forma lexítima para que atendan aquilo que é xusto.

### Tomar a palabra

Conseguir que nos escoiten e que tomen en conta o problema que queremos formular e as nosas propostas de solución é algo que pode intentarse de diferentes maneiras.

As institucións adoitan ter canles para escoitar as opinións e demandas da xente. No caso das empresas, adoita chamarse Servizo de atención ao consumidor. No caso das Administracións Públicas adoita haber algunha forma de contacto por correo electrónico. Nalgúns casos hai tamén outras canles como a posibilidade de solicitar entrevistas ou de asistir a espazos de participación directa.

Por iso, podemos redactar unha carta ou correo electrónico e dirixilo a aquelas persoas que están á fronte da institución ou goberno para formularlle a cuestión que nos interesa resolver.

- ✔ Conseguir o nome, o cargo e a dirección da persoa ou persoas a quen se quere dirixir a cuestión, asegurándose de escribilos sen erros.
- ✔ Iniciar a carta de maneira formal: comezar con “Estimada” ou “Estimado”, o tratamento Sr. ou Sra. e o nome completo.
- ✔ Comezar por explicar o motivo da carta: para que se saiba inmediatamente de que se trata a carta.
- ✔ Resumir a nosa visión da cuestión que se está abordando.
- ✔ Explicar a nosa posición respecto desta cuestión.
- ✔ Describir especificamente os efectos positivos ou negativos que terá a decisión sobre nós. Cantas máis persoas sexan afectadas pola decisión, máis convincente será (as estatísticas poden ser moi útiles para incidir na dimensión do problema).
- ✔ Describir que acción esperamos que tome a persoa (e cando, se é que hai unha data límite). Establecer o impacto xeral que esperamos que ocorra se se toma unha determinada decisión.
- ✔ No caso de opoñernos a algunha acción, explicar cal é a alternativa proposta.
- ✔ Despedirse cordialmente, brindando a nosa disposición para aclarar calquera cuestión.
- ✔ Asinar especificando o nome dunha ou varias persoas, sinalando o lugar e a data e ofrecendo os datos de contacto.



# Concentramos as nosas enerxías

Tamén podemos convidar a manter unha entrevista persoal, para ter unha incidencia máis directa.

Ademais desas canles oficiais e directas (ou como segundo paso se non conseguimos que se nos escoite), podemos tratar de incidir nos medios de comunicación. Para iso, podemos remitir unha copia da carta aos medios, ou enviarlles unha nota de prensa.

## Empurrar

Unha cousa é que nos escoiten, ou que a nosa mensaxe chegue, e outra é que nos atendan ou que se tomen en consideración as nosas demandas ou propostas. Para conseguir isto segundo existen unha serie de formas tradicionais de presión que nos permiten chegar a máis persoas e ter incidencia nos medios:

- ✔ Mesas informativas en lugares de paso
- ✔ Recollida de apoios ou sinaturas
- ✔ Manifestacións
- ✔ Campañas de boicot, e outras moitas

As nosas enerxías e tempo non son ilimitadas e non podemos facer todo o que nos gustaría (ou mesmo o que sería necesario) polo que o prudente é seleccionar cales son as accións que imos desenvolver, concentrando nelas os nosos esforzos na procura dalgún resultado tanxible.

## Selección

Tal como se explica nunha guía anterior, fixemos o exercicio de reflexionar en común sobre o futuro que queremos e tamén fixemos unha tormenta de ideas sobre posibles accións para alcanzalo.

Así que, con esas ideas e outras que puideran ter xurdido despois dos exemplos propostos no capítulo anterior, imos facer unha selección das accións a desenvolver, dando dous pasos:

- ✔ Valorar as accións posibles: o que pode custarnos e o que pode reportarnos cada unha delas.
- ✔ Elixir as que levaremos adiante.

Faremos un traballo en grupos pequenos, para valorar as posibles accións, seguindo un esquema que tamén nos vai servir para a posta en común.

Nunha columna xa temos fixadas todas as accións posibles (as que saíron da tormenta de ideas e outras que puidemos incorporar). Para cada unha desas accións, valoramos cal é o impacto previsto (se é alto, medio ou baixo) e cal é o esforzo que require (tamén empregando a clasificación entre alto, medio ou baixo). Reflexionamos tamén sobre os posibles obstáculos que nos podemos atopar para levala adiante (se é preciso ter permisos, se non temos as capacidades necesarias, se imos atopar oposición por parte de alguén, etc.). Finalmente, no caso de identificar obstáculos, pensamos na forma en que poderíamos superalos.

ACCIÓN	IMPACTO PREVISTO	ESFORZO QUE REQUIRE	OBSTÁCULOS	FORMA DE SUPERALOS
1	alto / medio / baixo	alto / medio / baixo		
2	alto / medio / baixo	alto / medio / baixo		
3...	alto / medio / baixo	alto / medio / baixo		

## Detalle sobre Selección

<b>Obxectivo</b>	Seleccionar as accións que imos desenvolver, a partir dunha análise dos custos, beneficios e posibles obstáculos de cada unha delas.
<b>Vantaxes</b>	Permite concentrar as forzas nun número limitado de accións, a partir dunha selección razoada colectivamente.
<b>Como</b>	<p>Distribuímonos en grupos pequenos, cada un cun pequeno panel en A3 con todas as posibles accións a valorar. Se temos un listado grande de accións posibles, a cada grupo pedímoslle que empece por algunha en específico. Por exemplo, se temos 5 grupos e 15 posibles accións, o primeiro grupo debe comezar valorando as opcións 1 a 3; o segundo grupo debe comezar valorando as opcións 4 a 6; o terceiro grupo comezará polas accións 7 a 9, etc. Cando acaben de valorar esas, poden continuar polas que queiran. Deste xeito, garantimos que todas as accións son valoradas, aínda no caso de que non todos os grupos teñan tempo de valorar todas as accións. Despois do traballo nos grupos, pasamos á posta en común, compartindo as valoracións e poñéndonos de acordo sobre elas, quedando reflectido no panel global. Unha vez rematada a valoración, cada persoa escolle a acción que levaría a cabo, en función de todo o anterior, marcándoa sobre o panel cun adhesivo de cor. Faise un reconto das accións máis votadas, que serán as que se leven adiante.</p>

**Recursos** Paneis en versión A3 para o traballo en grupos e en versión máis grande para a posta en común. Rotuladores. Adhesivos de cor.

**Espazo** Espazo apto para traballar en grupos pequenos e, posteriormente, para facer a posta en común en semicírculo, de forma que todas as persoas vexan o panel.

**Tempos** Unha hora e quince minutos. 5 minutos para a explicación. 25 minutos de traballo en grupos e 40 minutos de posta en común e debate. 5 minutos para a votación final.

## **MATERIAIS PARA SELECCIÓN**

Paneis impresos en A3  
e títulos do panel grande

 **Anexo 01**

# Aprendemos da nosa propia práctica

Para aprender da nosa práctica, temos á nosa disposición ferramentas áxiles de avaliación. Ao longo destas guías xa fomos presentando algunha, como a diana sobre o traballo en equipo, o guieiro sobre como andamos de participación, a guía de observación e avaliación de reunións e asembleas ou as esculturas como forma creativa de avaliar unha sesión.

## Campo de forzas

Durante o desenvolvemento dunha iniciativa, antes de que finalice, podemos facer unha parada para valorar como imos e así incorporar algún cambio, se o vemos necesario. Para iso podemos usar un esquema fácil: o campo de forzas.

Para iso, o primeiro é compartir información sobre o estado actual da iniciativa, para que todas as persoas partamos dunha visión global e completa.

O segundo paso é que cada quen valore algún aspecto negativo que está freando a consecución dos obxectivos, e algún aspecto positivo que está axudando a alcanzalos.

Despois duns minutos de reflexión inicial, na que se plasmarán as ideas en posits, pasamos á posta en común, empregando un panel. Nunha liña horizontal intermedia simbolizamos a situación actual. En sucesivas

liñas cara arriba, iremos colocando as forzas positivas e nas liñas cara abaixo colocaremos as forzas negativas. Canto máis importancia teña a forza (negativa ou positiva), máis cerca a poremos da liña media: trataremos de poñernos de acordo sobre este grao de importancia entre todo o grupo.

## MATERIAIS PARA CAMPO DE FORZAS

Panel que reproduza o seguinte esquema:


 **Anexo 02**

### Detalle sobre Campo de forzas

<b>Obxectivo</b>	Realizar unha valoración áxil da marcha da nosa iniciativa.
<b>Vantaxes</b>	Permite facer seguimento e incorporar posibles melloras, dando prioridade a aquilo que se considera que afecta en maior medida ao noso éxito.
<b>Como</b>	Primeiro faise unha posta en común do estado da iniciativa. Despois unha reflexión individual sobre factores que están a axudar (forzas positivas) e factores que están a entorpecer (forzas negativas). Cada idea escríbese nun posit. Finalmente póñense en común as diferentes ideas, colocándoas nun panel e poñéndose de acordo no grao de importancia que se lles dá: máis cerca da liña central as máis importantes e máis lonxe as menos importantes.
<b>Recursos</b>	Posits, rotuladores e panel
<b>Espazo</b>	Colocámonos en semicírculo, de forma que poidamos vernos entre nós e ver tamén o panel.
<b>Tempos</b>	O tempo total estimado é de 40 minutos. Explicación en 2 minutos, traballo individual en 8 minutos e posta en común en 30 minutos.

## Celebrar os éxitos

Pasar á acción non é sempre un camiño fácil: a necesidade de mudar relacións e situacións moi complexas pode facernos sentir que a nosa achega é insignificante. Moitas veces os cambios que conseguimos están moi lonxe dos que ambicionamos. Por iso é importante celebrar os éxitos e poñer en valor cada pequeno paso, porque moita xente pequena, facendo cousas pequenas, consegue grandes cambios.







**Solidariedade  
Internacional de Galicia**

Vereda del Polvorín, 2

15002 - A Coruña

+34 981 24 35 06

[direccion@solidaridadgalicia.org](mailto:direccion@solidaridadgalicia.org)

[www.solidaridadgalicia.org](http://www.solidaridadgalicia.org)





**ANEXO 1**  
**SELECCIÓN**

Paneis impresos en A3  
e títulos do panel grande

ACCIÓN	IMPACTO PREVISTO	ESFORZO QUE REQUIERE	OBSTÁCULOS	FORMA DE SUPERALOS
1	alto / medio / baixo	alto / medio / baixo		
2	alto / medio / baixo	alto / medio / baixo		
3	alto / medio / baixo	alto / medio / baixo		
4	alto / medio / baixo	alto / medio / baixo		
5	alto / medio / baixo	alto / medio / baixo		
6	alto / medio / baixo	alto / medio / baixo		
7	alto / medio / baixo	alto / medio / baixo		
8	alto / medio / baixo	alto / medio / baixo		
9	alto / medio / baixo	alto / medio / baixo		
10	alto / medio / baixo	alto / medio / baixo		
11	alto / medio / baixo	alto / medio / baixo		
12	alto / medio / baixo	alto / medio / baixo		
13	alto / medio / baixo	alto / medio / baixo		
14	alto / medio / baixo	alto / medio / baixo		
15	alto / medio / baixo	alto / medio / baixo		



# ACCIÓN

**ESFUERZO  
QUE REQUIERE**

**IMPACTO  
PREVISTO**

# OBSTÁCULOS

# FORMA DE SUPERARLOS



**ANEXO 2**  
**CAMPO DE FORZAS**

Panel que reproduza  
o seguinte esquema

---

5

4

3

2

1

---

1

2

3

4

5

---